

# XEOGRAFÍA 2º Bacharelato

## CURSO 2023-24

### Libro de texto

O libro de texto no desenvolvemento da materia será

Muñoz Delgado, M<sup>a</sup> Concepción (2014) Madrid. Xeografía, 2º Bacharelato. Anaya.

### Unidades didácticas

**Unidade 1. A diversidade física de España e de Galicia: O relevo**

**Unidade 2. A diversidade climática de España e de Galicia**

**Unidade 3. A diversidade hídrica e bioxeográfica**

**Unidade 4. As paisaxes naturais e as interrelacións natureza-sociedade**

**Unidade 5. Os espazos do sector primario**

**Unidade 6. Os espazos industriais**

**Unidade 7. Os espazos de servizos**

**Unidade 8. A poboación española e a poboación galega**

**Unidade 9. O espazo urbano**

**Unidade 10. A organización territorial**

**Unidade 11. España e Galicia na Unión Europea**

**Unidade 12. España no mundo**

### Distribución temporal das Unidades

· 1ª avaliación: Unidades 1,2 (setembro/outubro), 3,4 (novembro) Exame 1ª aval. decembro.

2ª avaliación: Unidades 5,6 (decembro/xaneiro), 7,8 (febreiro) Exame 2ª aval. Marzo

3ª avaliación: Unidades 9,10 (marzo), 11,12 (abril) Exame 3ª aval. maio

### As titorías lectivas e de orientación

Debido ao carácter semipresencial destas ensinanzas, as titorías lectivas supoñen una sesión semanal e nelas trátanse os aspectos fundamentais de cada tema, tratando de insistir especialmente nos contidos procedimentais e naqueles outros que resulten máis complicados. Así mesmo, existen titorías de orientación

– luns 17:30 a 18:45 e venres 10:45 a 12:15– para que o alumnado poida plantexar as dúbidas e dificultades que vai atopando no estudo da materia ao longo do seu proceso de autoaprendizaxe.

### Procedemento de avaliación:

Haberá un exame de cada avaliación nas datas fixadas pola xefatura de estudos en decembro, marzo e maio. Os exames poderán conter cuestións de distinto tipo: definición de termos e conceptos xeográficos, desenvolvemento de temas; comprensión e interpretación de documentos (textos, mapas, gráficas,...). Haberá unha proba de recuperación da 1ª aval a realizar xunto co exame da 2ª aval. en marzo e unha proba de recuperación da 1ª e 2ª aval xunto co exame da 3ª avaliación en maio. A calificación final da asignatura será a media aritmética da puntuación obtida nas tres avaliacións ou, no seu caso, a nota obtida no exame extraordinario do mes de xuño. En función da dispoñibilidade de elementos avaliados, poderá reservarse ata un 10% da nota da avaliación para a valoración de traballos e exercicios propostos.

(Pódense consultar modelos de exame no enderezo da CIUG-Xeografía)

### Contidos mínimos e criterios de avaliación:

#### **Unidade 1. A diversidade física de España e de Galicia: O relevo**

**Contidos mínimos:** O relevo peninsular.-Características xerais.-Tipos de unidades morfoestructurais do relevo peninsular.-O rochedo peninsular e tipos de relevo: As áreas silíceas, calcáreas e arxilosas.-As grandes unidades morfoestructurais do relevo peninsular: A Meseta.-Os bordes montañosos da Meseta As depresións exteriores da Meseta As cordilleiras exteriores da Meseta.- O relevo peninsular. As costas atlánticas e mediterráneas.

**Criterios de avaliación:** Definir conceptos da evolución xeolóxica e das unidades morfoestructurais do relevo peninsular e insular; Definir con precisión conceptos relativos ao relevo costeiro español e galego. Identificar no mapa etapas evolutivas xeolóxicas e áreas de rochedo silíceo, calcario e arxiloso da Península. Localizar e identificar en mapas ou perfís topográficos as unidades morfoestructurais do relevo peninsular. Localizar e identificar en mapas o relevo costeiro español e os nomes das illas Baleares e Canarias. Sintetizar temas sobre a evolución xeolóxica do relevo peninsular, os tipos de rochedo e de relevo e as unidades morfoestructurais do relevo peninsular. Analizar e comentar mapas, perfís topográficos e imaxes sobre as unidades morfoestructurais do relevo.

## **Unidade 2. A diversidade climática de España e de Galicia**

**Contidos mínimos:** Factores do clima.-Factores xeográficos e termodinámicos.-A circulación en altura: a corrente en chorro.-A circulación en superficie: centros de acción, masas de aire e fronte.- s elementos do clima.- Tipos de tempo atmosférico. Os mapas do tempo.- Tipos de clima en España

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión conceptos relativos a factores e elementos do clima ao tempo e ao clima. Localizar en mapas os centros de acción e as masas de aire que lles afectan ao tempo e ao clima peninsular. Localizar e identifique en mapas os principais dominios climáticos de España e de Galicia. Redactar temas sobre os factores e os elementos do clima e sobre os distintos dominios climáticos de España. Analizar, explicar, comentar e interpretar debuxos e mapas relativos aos factores e aos elementos do clima. Comentar mapas do tempo en superficie. Elaborar, comentare e comparar climogramas. Interpretar e explicar mapas cos diferentes dominios climáticos. Apreciar a diversidade climática e a incidencia do tempo e do clima na actividade humana.

## **Unidade 3. A diversidade hídrica e bioxeográfica**

**Contidos mínimos:** Os ríos españois.-Factores que inflúen nos ríos peninsulares.-As vertentes hidrográficas peninsulares.-O comentario do rexime dun río.-Os lagos españois.-Os acuíferos.- Factores que inflúen na vexetación. As paisaxes vexetais

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión conceptos relativos ás augas, solos, vexetación e as paisaxes vexetais. Identificar en mapas os principais ríos, concas e vertentes hidrográficas de España e de Galicia. Localizar e identificar en mapas as principais formacións vexetais de España e de Galicia. Sintetizar conceptos e redacte textos sobre as augas, a vexetación e o solo en España. Elaborar, analizar gráficos de réximes pluviais e comente imaxes fotográficas de ríos peninsulares. Elaborar e analizar cliseries; comparar fotografías e comentar mapas coa distribución de diversas especies vexetais; e explica esquemas co perfil xeral do solo. Valorar a diversidade hidrográfica, vexetal e edáfica de España e de Galicia.

## **Unidade 4. As paisaxes naturais e as interrelacións natureza-ociedade**

**Contidos mínimos:** As grandes paisaxes naturais: elementos que as configuran.- A influencia do medio na actividade humana.-A influencia da actividade humana no medio.- A contaminación atmosférica: chuva ácida, capa de ozono, efecto invernaoiro.- A deforestación.- A contaminación, erosión e desertización do solo. A sobreexplotación e a contaminación das augas. Os residuos sólidos urbanos.- O edio ecoxeográfico e os seus problemas en Galicia.

**Criterios de avaliación:** Definir conceptos relativos ás paisaxes naturais de España e de Galicia. Definir con precisión conceptos relativos aos problemas e ás políticas ambientais. Localizar en mapas as áreas correspondentes ás paisaxes naturais de España. Localizar en mapas áreas afectadas por riscos ambientais, e os principais espazos naturais protexidos. Sintetizar conceptos sobre as paisaxes naturais de España e de Galicia. Redactar temas sobre a acción antrópica sobre o medio natural. Identifica e comentar a partir de fotografías as principais paisaxes naturais. Analizar comentar mapas, datos estatísticos, imaxes e textos sobre o medio ambiente. Analizar e comentar gráficos, datos estatísticos, mapas e imaxes sobre problemas e políticas ambientais. Valora a diversidade dos espazos naturais de España e de Galicia e a importancia da súa protección.

## **Unidade 5. Os espazos do sector primario**

**Contidos mínimos:** O espazo rural ou agrario.-Factores físicos e humanos que condicionan o espazo rural.-O medio rural. A estrutura agraria tradicional e as transformacións dende a década de 1960 na demografía, sistema de explotación, propiedade e tenencia da terra.-O poboamento e o habitat rural en Galicia.-A política agraria dende a metade do s. XX ata a actualidade.-A Concentración Parcelaria e a PAC.- Os usos do espazo rural e a actividade agrícola.-As transformacións na estrutura agraria: agricultura, gandeiría e explotación forestal.-As dinámicas recentes no mundo rural.-Os problemas do mundo actual.-A resolución dos problemas: As políticas de ordenación do espazo rural.- A actividade pesqueira.-A crise e os principais problemas do sector: Os caladoiros e os problemas estruturais.-A política pesqueira. A regulación e reconversión do sector.

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión os conceptos relativos ao espazo rural e o espazo pesqueiro. Localizar e identificar en mapas fenómenos agrícolas, gandeiros, forestais e pesqueiros. Sintetizar conceptos sobre os factores e os elementos do espazo rural, os usos do espazo rural, as paisaxes agrarias e as dinámicas recentes do mundo rural en España e en Galicia. Coñecer e elaborar temas sobre o espazo pesqueiro español e galego, e as características da actividade pesqueira, os problemas da pesca e a política pesqueira, e a acuicultura en España e en Galicia. Analizar, explicar, comentar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os espazos rurais. Analizar, explicar, comentar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os espazos pesqueiros. Emitir valoracións e propoña solucións para os problemas dos espazos rurais e pesqueiros.

## **Unidade 6. Os espazos industriais**

**Contidos mínimos:** As materias primas: definición, clasificación e produción.-As fontes de enerxía. Definición e clasificación.-Principais enerxías renovables e non renovables.-A política energética. A

minería e o sector enerxético en Galicia. A industria española entre 1855 e 1975.-Evolución histórica.-Os sectores industriais.-Características da estrutura industrial.-As áreas industriais: sectores e factores de localización.-A política industrial: o proteccionismo económico e os Polos de Promoción e Desenvolvemento.-1975- 1985: A crise industrial e a reestruturación do sector.-As causas da crise e as súas consecuencias.-A reconversión industrial e a reindustrialización.- A industria española na actualidade.- A repercusión da terceira revolución industrial en España.- A estrutura sectorial.- Os problemas estruturais.-Factores actuais de localización.-Áreas industriais e desequilibrios territoriais.-A política industrial.-Galicia: principios áreas, estruturas e sectores industriais

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión os conceptos relativos a materias primas, fontes de enerxía e actividade industrial. Sintetizar conceptos e redactar temas sobre a políticas mineira e enerxética en España e en Galicia. Coñecer e elaborar temas sobre a evolución histórica e características da industria ata a segunda metade do século XX, a crise e a reestruturación industrial, e a industria española na actualidade. Explicar gráficos, mapas, táboas estatísticas e imaxes sobre as materias primas e as fontes de enerxía. Analizar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e táboas estatísticas sobre a actividade industrial. Emitir opinións sobre cuestións de actualidade relacionadas coa produción enerxética e industrial. Valorar medidas de fomento do aforro enerxético e evitar impactos negativos sobre o medio ambiente.

### **Unidade 7. Os espazos de servizos**

**Contidos mínimos:** O sector terciario.-Definición e causas do seu crecemento.-Os desequilibrios territoriais do sector.- O sistema de transportes.-Características xerais do sistema de transportes.-O transporte por estrada, ferroviario, marítimo, fluvial e aéreo.- O turismo.-O desenvolvemento turístico dende a década de 1960.-Factores internos e externos.-O modelo turístico tradicional.-Causas da crise do sector.-A reconversión do sector e a política turística.-As principais áreas turísticas.- O comercio.-O comercio interior: localización, estruturas, tipoloxía e política comercial.-O comercio exterior: produtos, áreas e medidas en política comercial.-O sistema de transportes, o turismo e o comercio en Galicia: características máis salientables.

**Criterios de avaliación:** Definir conceptos relativos ao sector terciario, o sistema de transporte, o turismo e o comercio interior e exterior de España e de Galicia. Analizar mapas referidos ao transporte, turismo e comercio interior e exterior de España e Galicia. Características xerais e características dos diferentes modos de transporte. Elaborar temas sobre o turismo en España e Galicia: evolución, características, tipos, áreas, repercusións. Redactar textos sobre o comercio interior e exterior en España e en Galicia, e os seus problemas. Explicar, comentar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o sistema de transporte. Analizar e comentar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o turismo. Interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o comercio interior e exterior. Identificar os problemas das actividades terciarias, emitir opinións, e propoñer solucións

### **Unidade 8. A poboación española e a poboación galega.**

**Contidos mínimos:** As fontes demográficas: definición e clasificación.- Densidade de poboación: desequilibrios territoriais e os factores explicativos.-O movemento natural de poboación.-Os indicadores demográficos. Taxas.-Os réximes demográficos.-O réxime dem. Antigo: natalidade, mortandade e crecemento natural. A transición demográfica (1900-1975): natalidade, mortandade e crecemento natural.-O réxime demográfico actual (dende 1975).-Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.-Os movementos migratorios. As migracións interiores e exteriores.- A inmigración actual e as súas consecuencias; áreas de procedencia e destino, causas e consecuencias.-O crecemento da poboación: definición e etapas.- A estrutura da poboación española.- A estrutura por sexo e idade: as pirámides de poboación.-Estrutura económica da poboación.-Evolución da taxa de paro e actividade.-Evolución dos sectores económicos.- O futuro da poboación española.-A poboación galega: características e tendencias

**Criterios de avaliación:** Definir conceptos relativos a fontes demográficas, movementos naturais e migratorios, e crecemento real da poboación española e galega. Definir con precisión conceptos relativos á estrutura e ó futuro da poboación española. Localizar e identificar en mapas fenómenos demográficos relacionados coa distribución da poboación, os movementos naturais e migratorios, e a estrutura por sexo, idade e actividade económica. Sintetizar conceptos sobre os movementos naturais e migratorios e sobre o crecemento real da poboación española e galega. Coñecer e elaborar temas sobre a estrutura e o futuro da poboación española e galega. Analizar, explicar, comentar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre os movementos naturais e migratorios e o crecemento real da poboación. Analizar, explicar, comentar e interpretar gráficos, pirámides de idades, mapas, imaxes e textos sobre a estrutura e o futuro da poboación. Emitir opinións sobre problemas demográficos e mostrar actitudes de rexeitamento respecto á discriminación laboral ou social por motivos de sexo, raza ou nacionalidade.

### **Unidade 9. O espazo urbano**

**Contidos mínimos:** O concepto de cidade: definición, criterios cuantitativos e cualitativos.-O proceso de urbanización.-A morfoloxía e a estrutura urbana.-A morfoloxía urbana: definición e factores. O plano urbano.-A estrutura urbana nas cidades convencionais.-A cidade da época industrial: o ensanche urbano, os barrios obreiros e industriais, os barrios axardiñados.-As aglomeracións urbanas: as áreas

metropolitanas, conurbacións, rexións urbanas e megalópole.- Os principais problemas das cidades españolas.- Urbanismo: definición.-A planificación urbanística durante o franquismo. O urbanismo dende 1975: o PXOU.- O sistema urbano español.-A formación das cidades.-A área de influencia urbana: a cidade como lugar central.-A xerarquía urbana española.- O poboamento urbano en Galicia

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión conceptos relativos ao proceso de urbanización, á morfoloxía e á estrutura urbana. Definir con precisión conceptos relativos ás aglomeracións urbanas, aos problemas das cidades, ao urbanismo e ao sistema de cidades. Localizar e identificar en mapas as principais aglomeracións e cidades do sistema urbano español e dos sistemas rexionais e diferenzas as metrópolis nacionais, rexionais e subrexionais. Coñecer e elabora temas sobre as aglomeracións urbanas, os problemas urbanos, a produción do espazourbano e o urbanismo, e o sistema de cidades. Analizar, explicar, comentar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre o concepto de cidade; o proceso de urbanización; a morfoloxía urbana, e a estrutura urbana. Analizar, explicar, comentar e interpretar gráficos, mapas, imaxes e textos sobre as aglomeracións urbanas; os problemas urbanos; a produción do espazo urbano, e o urbanismo e o sistema de cidades. Identificar os problemas urbanos e as actuacións urbanísticas a partir de diversas fontes de información, emita xuízos e propoña solucións sobre eles.

#### **Unidade 10. A organización territorial**

**Contidos mínimos:** A organización territorial de España.- Orixe e formación do Estado Autonómico.- Os desequilibrios territoriais.- As políticas territoriais.- Fondos procedentes da UE.- Políticas de incentivos rexionais. Fondo de Compensación Interterritorial

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión os conceptos relativos á organización político-administrativa de España e de Galicia, aos desequilibrios territoriais e ás políticas rexionais e de cohesión territorial. Localizar e identificar en mapas as principais divisións político-administrativas do pasado, as provincias e comunidades autónomas coas súas correspondentes capitais. Sintetizar conceptos e redactar temas sobre a evolución histórica da organización político-administrativa do territorio español, a organización político-administrativa actual, os desequilibrios territoriais e as políticas rexionais e de cohesión territorial. Analizar, explicar, comentar e interpretar imaxes, mapas, gráficos e datos estatísticos sobre a organización político-administrativa, os desequilibrios territoriais e as políticas rexionais e de cohesión territorial. Emitir opinións que reflectan a valoración da descentralización e a tolerancia, o respecto e a solidariedade cara a outras comunidades.

#### **Unidade 11. España e Galicia na Unión Europea**

**Contidos mínimos:** Globalización económica e social.- Implantación do sistema capitalista a escala mundial. Mundialización da produción, do consumo e dos intercambios.- Desigualdades territoriais: intercambios desiguais entre o centro (USA, UE, Xapón) e a periferia ou a semiperiferia.- Áreas xeoeconómicas desenvolvidas (benestar social) fronte a áreas subdesenvolvidas (baixo nivel de vida e debilidade produtiva).- Movementsos antiglobalización.- Posición de España como potencia intermedia

**Criterios de avaliación:** Definir conceptos relativos á Unión Europea e á posición española e galega no conxunto europeo. Localizar e identificar en mapas os principais relevos e ríos da Unión Europea, os países que a integran e as súas correspondentes capitais. Sintetizar conceptos e redactar temas sobre o proceso de construción da Unión Europea, o seu medio físico e o seu funcionamento. Redactar temas sobre os trazos socioeconómicos da Unión Europea, os seus desequilibrios territoriais e as políticas para mitígalos, así como sobre o papel que desempeñan España e Galicia nesta organización supraestatal. Analizar, explicar, comentar e interpretar textos, mapas, gráficos e datos estatísticos sobre o proceso de construción da Unión Europea, o seu medio físico e o seu funcionamento. Realizar valoracións críticas e emitir xuízos e opinións sobre o proceso de integración e as políticas europeas.

#### **Unidade 12. España no mundo**

**Contidos mínimos:** A construción da Unión Europea.- A estrutura institucional da UE.- Os trazos socioeconómicos da Unión.- Disparidades e política rexional da UE.- As consecuencias da integración de España na UE.- As repercusións da ampliación da UE para España e para Galicia en particular

**Criterios de avaliación:** Definir con precisión os conceptos relativos ao proceso de globalización, ás desigualdades territoriais do mundo e á posición relativa de España no mundo. Localizar e identificar en mapas os centros mundiais de decisión económica e política; os países por nivel de desenvolvemento humano; e os membros integrantes de diversas organizacións mundiais ás que pertence España. Redactar temas sobre as causas, o funcionamento e as consecuencias da globalización; os movementos antiglobalización, e as desigualdades territoriais do mundo, explicando as súas causas, as diferenzas entre países, as relacións de intercambio desigual e a axuda ao desenvolvemento. Sintetiza conceptos sobre a posición de España nas áreas socioeconómicas e nas áreas xeopolíticas e sobre a posición relativa de España no mundo segundo o IDH e o IGEI. Analizar, explicar, comentar imaxes, gráficos, mapas, textos e táboas estatísticas sobre os procesos de mundialización e sobre a posición relativa de España no mundo. Emitir opinións sobre as desigualdades territoriais causadas pola globalización, e propoña solucións.